

2 *parte*

0 ciclo  
anual

# A cultura común



## O ciclo anual

Dende a Antigüidade, as sociedades organizaron a súa vida e costumes arredor dos diferentes ciclos marcados pola meteoroloxía. Isto é ben visible na cultura galego-portuguesa. Nas distintas fases do ciclo anual (representadas simbólicamente polas catro estacións do ano) pódense ver con nitidez moitos trazos comúns. Imos repasar algunhas das manifestacións máis coñecidas que se asocian ás diferentes estacións.



### Actividade



- É a estación do ano na que a natureza esperta e na que se inician todos os procesos vitais. De cal falamos?
- É unha estación moi marcada polo sol e na que se engloban moitas manifestacións de carácter festivo, lúdico e de lecer. De cal falamos?
- É unha estación marcada pola recollida dos produtos ofrecidos pola natureza, actividades que tamén producen un rico e variado patrimonio inmaterial. De cal falamos?
- É a estación na que se engloban moitas transformacións finais dos produtos de orixe natural. De cal falamos?

\*Saberías dicirnos algún exemplo de manifestacións do patrimonio inmaterial en cada unha das estacións? Non se che ocorre ningunha? Pensa ben! A continuación imos ver algúns exemplos!

# A PRIMAVERA

Despois dos rigores do inverno coa chegada da primavera esperta a natureza, que se mostra en todo o seu esplendor. Imos citar dúas manifestacións do noso patrimonio inmaterial moi ligadas a esta estación.



## Entroido ou Carnaval

Esta celebración, que se caracteriza pola alegría e as ganas de transgredir os usos e costumes dende o humor, marca o tramo final do inverno e os festexos previos a unha primavera cada vez máis próxima.

## Os Maios

É sen dúbida a festa por excelencia da primavera. Adóitase celebrar no cerne mesmo da estación (nos primeiros días de maio).



### Actividade

En Galicia e Portugal celébrase o chamado Entroido Ribeirao. Pídelle axuda aos teus profesores e investiga en que sitios concretos se festexa e en que consiste. Que outros entroidos famosos coñeces? Como se celebra o entroido na túa terra? Celebrábanos igual teu pai e túa nai? E teus avós?

# O VERÁN

Esta estación caracterízase por ser a de máis horas de luz e ter as temperaturas máis cálidas. Fronte ao inverno que é o paradigma do recollemento, o verán é a máxima expresión da vida social exterior.

## O San Xoán

É unha celebración ligada ao solsticio do verán. Ten unha forte implantación no imaxinario colectivo e vai acompañada de lendas, tradicións, recollida de herbas e dunha riquísima tradición oral.



## As Romarías

Galicia e o Norte de Portugal son un ferreiroiro de romarías e festas cun grande arraigo en cidades, vilas e aldeas. Estes eventos, sen dúbida ligados á bonanza climatolóxica, son formas comunitarias de lecer que dende tempo inmemorial serviron para estreitar os lazos entre o individuo e a sociedade da que forma parte.



### Actividade

Aínda que manteñen o mesmo nome, as romarías cambiaron moito nas últimas décadas. Seguro que na comarca onde vives hai algunha moi famosa. Pregúntalle a teus avós ou a algunha persoa maior: como era a celebración cando el ou ela tiña a túa idade?

# O OUTONO

Despedido o verán, chega o o outono. Chega a hora da recolla e da exaltación dos produtos que ofrece a Nai Natureza. Arredor destes traballos, as diferentes xeracións foron producindo un extraordinario patrimonio inmaterial: coñecementos, léxico, refráns, cantigas... Imos ver dúas manifestacións culturais ben ligadas a esta época do ano



## A Vendima

Na vendima recóllese a uva, tanto para alimento como para facer posteriormente o viño. As tarefas coinciden coa fin do verán e o arranque do outono.

## O Magosto

O magosto é, ante todo, a exaltación dun produto alimentario tan importante historicamente en Galicia e Portugal: a castaña.



# O INVERNO

Marcada pola friaxe e o mal tempo, o inverno é a estación do recollemento. É hora de traballar no fogar. Un bo exemplo é o labor de tecido.



## Os tecidos

Se a miúdo os homes tiñan un papel preponderante nos traballos de cultivo e recolección, a muller era historicamente a encargada de producir a vestimenta. Ao longo de moitos séculos, o tecido do liño era un traballo básico.

## Actividade

Mira estas afirmacións sobre as tarefas do tecido e o liño. A ver que pensas en cada caso...  
Verdadeiro ou Falso?

O traballo do liño era tarefa exclusivamente masculina e as mulleres participaban apenas en contadas ocasións.

O traballo do liño era tarefa exclusivamente feminina e os homes participaban apenas en contadas ocasións.

Ao rematar o traballo a xente marchaba inmediatamente para as súas casas.

Era todo un acontecemento social, e remataba sempre en festa, con música, cantigas e baile.

O cultivo e transformación do liño foi en moitas ocasións actividade complementaria do gando e agro para as familias.

A familia que se adicaba ao liño sempre vivía exclusivamente do liño.

O proceso do liño facíase exclusivamente dentro de cada familia.

O volume de traballo requiría da axuda de veciños e parentes, que se xuntaban para facer as diferentes tarefas.

A reciprocidade era un valor importante: a familia que recibía axuda para o traballo, á súa vez comprometíase a axudar despois nos traballos dos veciños que acudisen a axudarlles a eles.



**PNO!**  
PONTE NAS ONDAS!



**XUNTA  
DE GALICIA**